

Borrador do Decreto ___/2010, do __ de maio, de autorización de centros privados para impartir ensinanzas conducentes á obtención das titulacións de técnicos deportivos.

A liberdade de creación de centros docentes ven recoñecida no artigo 27 da Constitución Española e réxese polo establecido na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Asemade, as liberdades de establecemento e de libre presentación de servizos son consagrados polo Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

Para avanzar no establecemento dun auténtico mercado único de servizos, a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, establece unha serie de principios de aplicación xeral para que a normativa reguladora do acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio dentro da Unión Europea sexa máis efectiva. A súa transposición ao ordenamento xurídico español realizouse a través da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Nese proceso de harmonización, a adaptación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á directiva de servizos comezou coa aprobación da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia.

Supeditar a apertura e funcionamento dos centros docentes privados que impartan ensinanzas técnico deportivas ao réxime de previa autorización administrativa está xustificando no interese xeral, por afectar á seguridade xurídica da impartición de ensinanzas que conduzan á obtención dun título con validez académica, porén, no novo marco xurídico da libre prestación de servizos o sinalado réxime de autorización debe de respectar os criterios de non discriminación, necesidade e proporcionalidade, consolidando

principios reguladores compatibles coas sinaladas liberdades básicas de establecemento e da libre prestación de servizos.

En concreto, cómpre suprimir as barreiras e reducir as trabas que restrinxan inxustificadamente a apertura e funcionamento de centros docentes privados, reducindo as cargas administrativas e simplificando a obtención da autorización mediante o establecemento dun procedemento claro e regrado.

En desenvolvemento das competencias que en materia de educación ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia a teor do establecido no artigo 31 do Estatuto de Autonomía, o presente Decreto regula o procedemento de concesión, modificación e extinción da autorización de apertura e funcionamento de centros docentes privados para impartir ensinanzas técnico deportivas de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e nos Reais decretos que para cada unha das modalidades e especialidades deportivas estableza o título e as súas ensinanzas mínimas, así como o correspondente decreto que desenvolva o currículo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo do informe do Consello Escolar de Galicia e da consulta á Comisión Tripartita do Ensino Privado Concertado de Galicia

DISPOÑO:

TÍTULO I

Disposicións de carácter xeral

Artigo 1. Obxecto.

1. A apertura e funcionamento dos centros docentes privados que impartan ensinanzas conducentes á obtención das titulacións de técnicos deportivos, de conformidade co disposto na Lei orgánica 8/1995, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, someteranse ao réxime de autorización administrativa.

2. O réxime xurídico das autorizacións dos centros aos que se refire o apartado anterior, regularase polo que se establece no presente

Decreto.

3. A autorización concederáse sempre que os centros reúnan os requisitos mínimos establecidos con carácter de norma básica polos Reais decretos que para cada unha das modalidades e especialidades deportivas estableza o título e as súas ensinanzas mínimas, así como o correspondente decreto que desenvolva o currículo da Comunidade Autónoma de Galicia, e revogarase cando os centros deixen de reunir estes requisitos. Os centros autorizados gozarán de plenas facultades académicas e inscribíranse no Rexistro de Centros.

Artigo 2. Solicitantes.

1. Toda persoa física ou xurídica de carácter privado e de nacionalidade española ou doutro estado da Unión Europea poderá obter autorización para a apertura e funcionamento de centros docentes privados, se reúne os requisitos establecidos pola lexislación vixente.

2. Poderán, igualmente, obter a devandita autorización as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, de nacionalidade estranxeira, axustándose ao que resulte da lexislación vixente, dos acordos internacionais ou, no seu caso, do principio de reciprocidade.

3. Non poderán ser titulares de centros docentes privados:

a. As persoas que presten servizos na Administración educativa estatal, autonómica ou local.

b. Quen teña antecedentes penais por delitos dolosos.

c. As persoas físicas ou xurídicas expresamente privadas do exercicio deste dereito por sentenza xudicial firme.

d. As persoas xurídicas nas que as persoas incluídas nos apartados anteriores desempeñen cargos reitores ou sexan titulares do 20% ou máis do capital social.

Artigo 3. Denominacións.

1. A denominación dos centros docentes privados que impartan

ensinanzas conducentes á obtención das titulacións de técnicos deportivos axustarase ao disposto no artigo 114 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. Todos os centros privados terán unha denominación específica, que figurará na correspondente inscrición rexistral. Non poderán utilizarse, por parte dos centros, denominacións diferentes daquela.

Artigo 4. Consulta previa.

1. Antes da iniciación do procedemento de autorización administrativa para a apertura e funcionamento dun centro docente de ensinanzas técnico deportivas, será voluntaria unha fase previa de consulta, mediante a presentación por parte da persoa interesada dunha memoria resumo do proxecto, ante o correspondente departamento territorial da consellería competente en materia de educación.

Na memoria farase constar as ensinanzas para as que se solicita autorización, o número de postos escolares que pretende crearse e a situación do centro, indicando, de ser o caso, as instalacións existentes.

2. No prazo de dous meses dende a presentación da memoria resumo, o correspondente departamento territorial da consellería competente en materia de educación notificaralle á persoa interesada o resultado da consulta ou poderá manter con el unha reunión para darlle a coñecer o seu contido.

3. O contido desta fase non condiciona o sentido da autorización de apertura e funcionamento do centro docente.

TÍTULO II

Procedemento de autorización

Artigo 5. Solicitud.

1. O expediente de autorización administrativa para a apertura e funcionamento dun centro docente privado iniciarase a instancia de parte, mediante solicitude dirixida á persoa titular da consellería competente en materia de educación.

A solicitude poderá presentarse no departamento territorial correspondente ou en calquera dos lugares determinados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común. Todos os trámites poderán realizarse a través dun portelo único, conectado co autonómico e o estatal, por vía electrónica ou a distancia, salvo que se trate da inspección do lugar ou do equipamento que se empregue.

2. A solicitude a que se refire o apartado anterior, axustarase ao modelo establecido no anexo I deste Decreto e conterá os seguintes datos:

- a. Persoa física ou xurídica que promove o centro.
- b. Denominación específica que se propón.
- c. Localización xeográfica do centro.
- d. Ensinanzas para as que se solicita autorización.
- e. Número de postos escolares que pretenden crearse.
- f. Declaración ou manifestación de que a persoa promotora do centro non se encontra incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 2.3 do presente Decreto.
- g. Proxecto das obras que teñan que realizarse para a construción do centro, que se axustará ás condicións reguladas nos Reais decretos que para cada unha das modalidades e especialidades deportivas estableza o título e as súas ensinanzas mínimas, así como no correspondente decreto que desenvolva o currículo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se se trata de inmobles xa existentes, deberán presentarse os planos das instalacións no seu estado actual e, de ser o caso, o proxecto das obras previstas para o seu acondicionamento.

En calquera caso, achegarase o título xurídico que xustifique a posibilidade de utilización dos inmobles afectados.

3. No suposto de que os documentos requiridos se encontraran xa en poder da Administración actuante, o solicitante poderá exercer o dereito previsto no artigo 35, parágrafo f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, indicando o órgano administrativo ao que foron presentados ou polo que foron emitidos, a data da devandita presentación ou emisión e o procedemento ao que correspondesen, sempre que non tivesen transcorrido máis de cinco anos dende a finalización deste.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á persoa solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. Se a solicitude non reunise os requisitos a que fai referencia o apartado 2 deste artigo, o departamento territorial requiriralle á persoa interesada para que a emende no prazo de quince días, indicándolle que, se non o fixese, acordarase a desistencia da súa solicitude, arquivándose esta sen máis trámite.

Artigo 6. Informe preceptivo.

1. Á vista da documentación indicada no artigo anterior, a unidade técnica do departamento territorial emitirá un informe preceptivo, que irá precedido do trámite de audiencia da persoa interesada cando esta proceda de acordo co artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. No devandito informe, avaliarase a adecuación aos requisitos mínimos de instalacións do proxecto das obras para a construción do centro ao que fai referencia o artigo 5.2.g deste Decreto. Cando se trate de instalacións existentes, avaliarase a adecuación destas ou, de ser o caso, das obras previstas para o seu acondicionamento aos requisitos mínimos de instalacións. O informe evacuarase no prazo máximo dun mes contado dende a data na que a persoa que promova do centro presentara a solicitude ou, de ser o caso, completara a documentación á que se refire o artigo anterior.

2. O departamento territorial notificaralle á persoa solicitante se o informe emitido sobre o proxecto técnico presentado é favorable ou desfavorable. De ser desfavorable, especificaranse de xeito pormenorizado os requisitos que non cumpre o devandito proxecto.

Este acto de trámite non pon fin á vía administrativa e contra el poderase interpoñer un recurso de alzada de acordo co establecido no artigo 107.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. Actuacións complementarias da solicitude.

1. No caso de que as instalacións existentes recibisen o informe favorable ao que fai mención o artigo anterior, a persoa interesada presentará no prazo de quince días, no departamento territorial da consellería competente en materia de educación, a relación do persoal do que dispoñerá o centro dende o momento do inicio da súa actividade, con indicación das súas titulacións respectivas. Esta relación poderá ser substituída polo compromiso de achegala antes do inicio das actividades educativas.

2. No caso de que fose necesario realizar obras para construír o centro docente ou para acondicionar as instalacións existentes, e as devanditas obras recibiran o informe favorable ao que fai referencia o artigo anterior, a persoa interesada comunicarllo ao correspondente departamento territorial da consellería competente en materia de educación, no prazo de quince días dende a finalización das obras, e presentará a relación do persoal de que dispoñerá o centro dende o momento do inicio da súa actividade, con indicación das súas titulacións respectivas. Esta relación poderá ser substituída polo compromiso de achegala antes do inicio das actividades educativas.

Artigo 8. Autorización.

1. O departamento territorial, á vista da documentación indicada no artigo anterior e logo das verificacións oportunas levadas a cabo pola unidade técnica e, de ser o caso, pola Inspección Educativa, remitiralle o expediente co seu informe, no prazo dun mes, á dirección xeral competente en materia de centros.

2. A dirección xeral competente en materia de centros, logo do cumprimento do trámite de audiencia, formulará unha proposta de resolución ante a persoa titular da consellería competente en materia de educación. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas pola persoa solicitante.

3. A persoa titular da consellería competente en materia de educación outorgará a autorización de apertura e funcionamento do centro sempre que reúna os requisitos mínimos establecidos na lexislación vixente. A autorización de apertura e funcionamento non poderá ser denegada por insuficiencia das instalacións propostas,

se as obras foron realizadas de acordo co informe preceptivo evacuado pola unidade técnica do correspondente departamento territorial. Noutro caso, denegará a autorización mediante resolución motivada, que poñerá fin á vía administrativa.

4. A resolución ditarase no prazo máximo de tres meses contados a partir da data na que a persoa interesada cumpra co establecido no artigo 7 deste Decreto.

5. A resolución íntegra notificaráselle á persoa titular do centro. Cando a resolución autorizase a apertura e funcionamento dun centro docente, publicarase no Diario Oficial de Galicia e nela constarán os datos seguintes:

- a. Titular do centro.
- b. Domicilio, localidade, municipio e provincia.
- c. Denominación específica.
- d. Ensinanzas que se autorizan.
- e. Número postos escolares autorizados.

A modificación dalgúns dos datos indicados requirirá a previa autorización administrativa nos termos previstos no título IV deste Decreto.

Artigo 9. Efectos.

1. A autorización de apertura e funcionamento dun centro docente outórgase por tempo indefinido e mentres non cambien as circunstancias que determinaron a súa concesión. A autorización producirá os seus efectos a partir do curso académico inmediatamente seguinte ao da data da correspondente resolución.

2. No centro impartiranse as ensinanzas autorizadas conforme á ordenación académica en vigor.

3. Calquera modificación nas ensinanzas autorizadas, aínda cando se realice con carácter experimental, deberá ser aprobada pola persoa titular da consellería competente en materia de educación por proposta da dirección xeral competente en materia de centros e inscribírase no Rexistro de Centros.

TÍTULO III Modificacións da autorización

Artigo 10. Circunstancias.

1. Considéranse circunstancias que dan lugar á modificación da autorización as seguintes:

- a. Cambio de denominación específica do centro.
- b. Modificación das instalacións que implique:
 - Alteración das dimensións dos espazos que foron tidos en conta para outorgar a autorización.
 - Cambio no uso ou destino dos devanditos espazos.
- c. Ampliación ou redución do número de postos escolares.
- d. Modificación das ensinanzas cando se realice con carácter experimental, manténdose o mesmo nivel educativo para o que foi autorizado o centro.
- e. Ampliación, redución ou substitución de ensinanzas.
- f. Cambio de titularidade do centro.

2. Considéranse circunstancias que dan lugar a unha nova autorización as seguintes:

- a. Cambio de domicilio do centro por traslado de instalacións.
- b. Cambio no nivel educativo para a que foi autorizado o centro, salvo o disposto no apartado 1.d e 1.e, anteriores.

Artigo 11. Tramitación da modificación.

1. A modificación da autorización deberá ser aprobada pola mesma autoridade a quen corresponde a autorización para a apertura e funcionamento dos centros, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no presente Decreto.

2. As persoas interesadas formularán ante o correspondente departamento territorial da consellería competente en materia de educación a solicitude, segundo o modelo establecido no anexo II deste Decreto, na que se expresen as causas da modificación.

3. O departamento territorial elevará a solicitude, acompañada dos informes pertinentes, á dirección xeral competente en materia de centros, que lle propondrá á persoa titular da consellería competente en materia de educación a oportuna resolución, logo do trámite de audiencia da persoa solicitante, de ser o caso.

4. A resolución que poña fin ao expediente ditarase nun prazo máximo de tres meses, contados dende a presentación da solicitude. Esta resolución poñerá fin á vía administrativa. A resolución que adopte será notificada e publicada, nos termos que se establecen no artigo 8.5 deste Decreto.

5. A modificación que se aprobe dará lugar á correspondente modificación da inscrición no Rexistro de Centros.

6. En ningún caso poderán poñerse en funcionamento novas unidades sen contar coa oportuna autorización administrativa.

TÍTULO V

Extinción da autorización

Artigo 12. Causas.

1. A autorización extínguese polo cesamento nas súas actividades do centro docente ou por revogación expresa acordada pola administración educativa, de acordo co que se dispón nos artigos seguintes.

2. A resolución da persoa titular da consellería competente en materia de educación, que poñerá fin á vía administrativa, será notificada e publicada nos termos establecidos no artigo 8.5 deste Decreto.

Artigo 13. Cesamento.

1. A extinción da autorización por cesamento de actividades dun centro docente declararase de oficio pola persoa titular da consellería competente en materia de educación, logo de audiencia da persoa interesada, cando o centro cesase de feito nas súas actividades durante os dous cursos inmediatamente anteriores.

2. A extinción da autorización poderá acordarse a instancia da persoa titular do centro.

3. En todo caso, a extinción da autorización producirá os seus efectos dende o inicio do curso académico seguinte.

Artigo 14. Revogación.

1. Procederá o inicio dun expediente de extinción da autorización por revogación expresa da Administración, de acordo co disposto no artigo 23 da Lei Orgánica reguladora do Dereito á Educación, cando o centro deixe de reunir algún dos requisitos mínimos establecidos nos Reais decretos que para cada unha das modalidades e especialidades deportivas estableza o título e as súas ensinanzas mínimas, así como no correspondente decreto que desenvolva o currículo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Procederá tamén o inicio do devandito expediente no suposto previsto no artigo 16 deste Decreto.

2. En todo caso, poñerase de relevo á persoa titular o establecido no apartado anterior para que emende as deficiencias; en caso de non o facer no prazo que se lle conceda, iniciárase o oportuno expediente. A duración do prazo indicado establecerase en función da deficiencia a emendar.

3. O expediente de revogación iniciárase pola dirección xeral competente en materia de centros. Instruído o expediente daráselle audiencia á persoa titular do centro. Cumprido este trámite, e á vista das actuacións realizadas e das alegacións formuladas, de ser o caso, pola persoa interesada, formularase unha proposta de resolución ante a persoa titular da consellería competente en materia de educación.

Artigo 15. Efectos.

1. Na orde pola que se autorice o cesamento das actividades dun centro e na que se acorde a revogación da autorización, poderá establecerse que os efectos daquelas sexan progresivos, co fin de que o alumnado matriculado no centro non sufrira unha alteración na súa traxectoria educativa.

2. As ordes ás que se refire o apartado anterior darán lugar á correspondente inscrición de baixa no Rexistro de Centros.

Artigo 16. Incumprimentos.

1. Os incumprimentos das normas de réxime académico comunicaranse á persoa interesada para a súa emenda.

Considéranse como incumprimento das normas de réxime académico o non respectar os decretos que establecen o currículo das distintas ensinanzas impartidas no centro, así como as ordes e resolucións que os desenvolven, referidas á implantación e desenvolvemento das ensinanzas e á avaliación destas.

2. Se o incumprimento consistise en non impartir as ensinanzas para as que se autorizou o centro de acordo cos correspondentes programas e plans de estudo e con suxeición ás normas de ordenación académica en vigor, advertirase diso á persoa interesada para que emende as deficiencias. De non emendar as deficiencias, iniciarase o procedemento de revogación da autorización. Todo iso, segundo o disposto no artigo 14.2 do presente Decreto.

Disposición transitoria

As solicitudes de autorización de novos centros, as de modificación ou de extinción da autorización, así como os expedientes de revogación, que se estean a tramitar á entrada en vigor do presente Decreto, continuarán tramitándose conforme a esta norma.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 410/2003, do 6 de novembro, sobre autorización a centros privados e a centros públicos que non sexan de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para impartir ensinanzas de técnicos deportivos na Comunidade Autónoma de Galicia; a Orde do 23 de abril de 2004 pola que se establecen os requisitos mínimos dos espazos administrativos e docentes xenéricos cos que deben contar os centros privados e públicos, que non sexan de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para impartir ensinanzas de réxime especial de técnicos deportivos na Comunidade Autónoma de Galicia e se determinan os requisitos mínimos das instalacións docentes deportivas para impartir as clases teórico prácticas das especialidades deportivas de fútbol e fútbol sala; e cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste Decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira. Autorízase á persoa titular da consellería competente en materia de educación para ditar as disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento do establecido neste Decreto.

Segunda. O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, __ de maio de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijoo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria